espazocoop
unión de cooperativas galegas

COCETA

| DINAMIZACION DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR POTENCIAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **DATA INICIO** | **04/04/17** | **DATA FIN** | **07/04/17** | **DURACIÓN** | 20 HORAS |
| **HORARIO** | 9:30 – 14:30 HORAS | | | | |
| **LUGAR CELEBRACIÓN:** | BIBLIOTECA MUNICIPAL, RÚA PERILLANA, 11, PONTEAREAS (PONTEVEDRA) | | | | |
| **Persoa de contacto** | **RAMÓM CARMELO RODRÍGUEZ PADÍN** | | | **teléfono** | 986 866 149 |
| | | | | **e-mail** | ramon@espazo.coop |

**OBXECTIVO**

Detectar e priorizar sectores con potencialidade para o desenvolvemento cooperativo no ámbito comarcal-rexional obxecto da intervención.

Coñecer a realidade específica do sector elixido no devandito ámbito territorial.

Procurar modelos alternativos para a dinamización do sector.

Divulgar e acadar o emprego da fórmula cooperativa como medio para potenciar e consolidar o seu desenvolvemento a medio prazo.

**PROGRAMA E CONTIDOS**

Para acadar os anteriores obxectivos plantexouse en cada proceso de dinamización sectorial a conformación e consolidación dun Grupo Traballo co que se desenvolveron con carácter xeral os seguintes contidos, sen prexuízo de posíbeis adaptacións en función do grao de coñecemento da fórmula organizativa cooperativa :

a. Presentación da actividade e dos seus obxectivos
b. Diagnose e problemática do sector
c. O significado de cooperar
d. A cooperativa e os principios cooperativos
e. Tipoloxías de Cooperativas
f. Organización Cooperativa: a importancia da comunicación
g. O Plan de Empresa: a viabilidade social. Casos prácticos
h. O Plan de Empresa: a viabilidade económica. Casos prácticos
i. Presentación de Boas Prácticas Cooperativas no Sector
j. Elaboración de obxectivos comúns coherentes coa diagnose
k. Conclusións

**METODOLOXÍA**

Fomentarase unha metodoloxia participativa a través do traballo en grupos; debates dirixidos; prácticas de cooperación, resolución de conflitos e comunicación; chuvias de ideas e exercicios prácticos.Tamén potenciarase a obtención de información sobre o sector a través da sistematización das experiencias por parte das asistentes e de boas prácticas cooperativas activas, personalizando ao máximo a metodoloxía co perfil sociocomunitario e sociolaboral das participantes de cada actividade.

**DIRIXIDO A**

Colectivos, persoas e redes relacionadas co sector obxecto de intervención no ámbito territorial e persoas interesadas en articulalo e difundilo dentro dun proceso de intercooperación e construción de mercado social dentro da economía social e de acordo cos principios e valores da mesma. Inclúese a persoas demandantes, desempregadas ou activas, con inquedanzas nalgúns dos sectores de estudo.

Grupo mínimo: 12 persoas, grupo máximo: 20 persoas

Concello de Ponteareas

eusumo

Unión Europea
Fondo Social Europeo
*"El FSE invierte en tu futuro"*

XUNTA DE GALICIA